- A dimensión cultural e histórica: O patrimonio cultural e histórico das diferentes sociedades está cheo de sentido relixioso que posibilita unha mellor comprensión do mundo actual. A Relixión Católica fixo e fai grandes achegas nestes ámbitos.
- A dimensión humanizadora: A Relixión Católica contribúe á formación integral da persoa, colaborando no seu desenvolvemento, ó darlles resposta ós interrogantes do alumno/a, e ó potenciar a apertura á transcendencia, mediante a formación de persoas libres, críticas, creadoras e solidarias.
- A dimensión ético-moral, que expón as esixencias morais da mensaxe cristiá. A Relixión Católica ofrece unha maneira de entender a vida e de actuar con coherencia respecto a unhas ideas e crenzas, mediante unha serie de principios e valores.

Así pois o primeiro criterio da metodoloxía é o de partir da realidade do propio alumno.

Convirá, polo tanto:

- Partir do que os alumnos e alumnas coñecen e pensan sobre un tema concreto.
- Conectar cos seus intereses e necesidades.
- Propoñerlles, de forma atractiva, unha finalidade e utilidade claras para as novas aprendizaxes, que xustifiquen o esforzo e a dedicación persoal que se lles vai esixir.
- Manter unha coherencia entre as intencións educativas e as actividades que se realizan na aula.
- Favorece-la aplicación e a transferencia das aprendizaxes á vida real.

Para todo iso, resulta fundamental o uso dunha linguaxe accesible e comprensible para os alumnos, auténticos

protagonistas da aprendizaxe, que os introduza na comprensión e na asimilación do vocabulario básico da Relixión Católica e das diferentes relixións.

Un segundo criterio da metodoloxía é que ha de ser crítica: Preténdese que o alumno/a:

- Aprenda a valorar o feito relixioso, o bo que hai noutras relixións e a respectar a dignidade sagrada de todos os seres humanos.
- Descubra unha visión xeral do que supuxo e como influíu a relixión ó longo da historia e coñeza que esta foi un elemento integrante da cultura e da vida da humanidade.
- Adquiera uns criterios e uns valores fundamentais para a interpretación, asimilación e vivencia da propia historia e do mundo no que está inmerso.
- Obteña unha visión harmónica do mundo e da vida humana que lle posibilite ser máis feliz e cidadán libre e responsable, construtor de verdadeira convivencia e dunha sociedade en paz.

Aprender supón modificar e enriquece-los esquemas de coñecemento de que dispoñemos para comprender mellor a realidade e actuar sobre ela polo que o outro criterio metodolóxico é o da pluralidade.

Faise fincapé no uso dunha pluralidade de medios, especialmente análise, debates, exposicións..., para evocar experiencias, presentar contidos relixiosos e para axudar ó alumno/a a descubrir e a expresar con espírito crítico e construtivo o que foi descubrinto e, á vez, aprenda a respectar e valorar os criterios e as achegas dos demais e se vaia abrindo a unha sociedade pluralista.

Para implementar esta área, contamos en cada curso da E.S.O. co Libro do Alumno e cunha Carpeta de recursos, na que se ofrecen actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación, ademais doutros recursos, correspondentes a cada unha das unidades didácticas do libro. En canto ao curso de 1º e 2º de Bacharelato tamén contamos con libro de texto máis outros recursos e materiais que expoñemos no seguinte apartado.

Sempre tendo en conta que a relixión é unha disciplina entre as outras e coas outras polo que un cuarto criterio é que ha de seguirse unha metodoloxía interdisciplinar.

Non pode ser unha materia aparte, senón que ha de estar íntimamente relacionada coas demais áreas curriculares. De aí a importancia da globalización e interdisciplinidade, procurando entrar en contacto coa cultura concreta, en diálogo aberto cos outros campos do saber. Dun modo especial coas áreas que van en procura dunha síntese coherente e integradora da personalidade do alumno.

6. MATERIAIS E RECURSOS

A materia observará e concretará os principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora entre todas as disciplinas dunha etapa que debe respectar un carácter común á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumno. Terá como referente o desenvolvemento das competencias básicas da educación básica.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno no mesmo a través da autoavaliación e a coavaliación.

- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Os contidos da materia preséntanse organizados en **conxuntos temáticos** de carácter analítico e disciplinar. No entanto, estes conxuntos integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de **interdisciplinidade** e **intradisciplinidade**.

Recursos didácticos a empregar:

- 1) Explicación por parte do profesor/ora.
- 2) Libro de texto do Alumno.
- 3) Carpetas de recursos do Departamento.
- 4) Catecismo da Igrexa Católica.
- 5) Biblia.
- 6) Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- 7) Encíclicas. Documentos do Concilio Vaticano II.
- 8) Comentarios de texto (especialmente para 2º Bacharelato).
- 9) Películas.
- 10) Internet na aula de Informática.
- 11) Programas informáticos. Blogs. Wikis. Web 2.0
- 12) Exposición en paneis, murais.
- 13) Diversos recursos lúdicos (crucigramas, sopas de letras...)
- 14) Cancións e actividades musicais.
- 15) Xogos e dinámicas grupais.
- 16) Presentacións en Power-Point.
- 17) Exercicios de valores.
- 18) Bibliografía na biblioteca do Instituto.

LIBROS DE TEXTO A EMPREGAR:

No presente curso non haberá libro obrigatorio para a materia de Relixión aínda que se aconsella.

- **1º E.S.O.: Relixión Católica. Ed. Anaya** *(aconsellado pero non é obrigatorio)*
- **2º E.S.O.: Relixión Católica. Ed. Anaya** *(aconsellado pero non é obrigatorio)*
- **3º E.S.O.: Relixión Católica. Ed. Anaya** *(aconsellado pero non é obrigatorio)*
- **4º E.S.O.: Relixión Católica. Ed. Anaya** *(aconsellado pero non é obrigatorio)*
- **1º B.A.C.: Relixión Católica-Bacharelato. Ed. Anaya** *(aconsellado pero non é obrigatorio)*
- **2º B.A.C.: Relixión Católica-Bacharelato. Ed. Anaya** *(aconsellado pero non é obrigatorio)*

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

1º ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados
----------	-------------------------	-------------------------------------

Bloque 1. O sentido relixioso do home		
<p>A realidade creada e os acontecementos son signo de Deus.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus. 2. Identificar a orixe divina da realidade. 3. Contrastar a orixe da creación nos diferentes relatos relixiosos acerca da creación. 4. Diferenciar a explicación teolóxica e científica da creación. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos nos que ten recoñecer que a realidade é dada. 1.2 Avalía, compartindo cos seus compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus. 2.1 Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus. 3.1 Relaciona e distingue, explicando coas súas palabras, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico. 4.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación. 4.2 Respecta a autonomía existente entre as explicacións, teolóxica e científica, da creación.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia		
<p>A historia de Israel: elección, alianza, monarquía e profetismo.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer, contrastar e apreciar os principais acontecementos da historia de Israel. 2. Sinalar e identificar os diferentes modos de comunicación que Deus usou nas distintas etapas da historia e Israel. 3. Distinguir e comparar o procedemento co que Deus se manifesta nas distintas etapas da historia de Israel. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. 1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel. 1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade. 2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina. 3.1 Recuerda e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>A divindade e humanidade de Xesús.</p> <p>Os evanxeos: testemuño e anuncio.</p> <p>Composición dos evanxeos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Distinguir en Xesús os trazos da súa natureza divina e humana. 2. Identificar a natureza e finalidade dos evanxeos. 3. Coñecer e comprender o proceso de formación dos evanxeos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. 1 Identifica e clasifica de xeito xustifico as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos. 1.2 Esfórzase por comprender as manifestacións de ambas as dúas naturezas expresadas nos relatos evanxélicos. 2.1 Recoñece a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil. 3.1 Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso formativo dos evanxeos.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		

<p>A Igrexa, presenza de Xesucristo na historia.</p> <p>O Espírito Santo edifica continuamente a Igrexa.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa. 2. Recoñecer que a acción do Espírito Santo dá vida á Igrexa. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, palabra de Deus, autoridade e caridade. 2.1 Coñece e respecta que os sacramentos son acción do Espírito para construír a Igrexa. 2.2 Asocia a acción do espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida. 2.3 Toma conciencia e aprecia a acción do Espírito para o crecemento da persoa.
--	---	--

2º ESO

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
Bloque 1. O sentido relixioso do home 1ª AVALIACIÓN		
<p>A persoa humana, criatura de Deus libre e intelixente.</p> <p>O fundamento da dignidade da persoa.</p> <p>O ser humano colaborador da creación de Deus.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais. 2. Relaciona a condición de criatura coa orixe divina. 3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus. 4. Entender o sentido e a finalidade da acción humana.. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos. 2.1 Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano. 3.1 Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. 4.1 Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. 4.2 Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia - 1ª AVALIACIÓN		
<p>A aceptación da revelación: A fe.</p> <p>Orixe, composición e interpretación dos Libros Sacros.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia. 2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus. 3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. 4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa ao redor da interpretación bíblica. 5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles. 2.1 Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela. 3.1 Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sacros mostrando interese pola súa orixe divina. 4.1 Le, localiza e esquematiza os criterios recolleitos na Dei Verbum ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. 5.1 Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.

		5.2 Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sacros do autor divino e o autor humano.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación - 2ª AVALIACIÓN		
<p>Deus revélase en Xesucristo. Divos un e trino.</p> <p>O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia.</p>	<p>1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da Divindade na revelación de Xesús.</p> <p>2. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana.</p> <p>3. Descubrir o carácter histórico da formulación de Credo cristián.</p> <p>4. Recoñecer as verdades da fe cristina presentes no Credo.</p>	<p>1.1 Coñece e describe as características do Deus cristián.</p> <p>1.2 Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.</p> <p>2.1 Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.</p> <p>3.1 Confeccionar materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relacións coas verdades de fe formuladas no Credo.</p> <p>4.1 Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.</p>
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa - 3ª AVALIACIÓN		
<p>Expansión da igrexa, as primeiras comunidades.</p> <p>As notas da Igrexa.</p>	<p>1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás.</p> <p>2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.</p>	<p>1.1 Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.</p> <p>1.2 Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.</p> <p>2.1 Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa.</p> <p>2.2 Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidad da Igrexa.</p>

3º ESO

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. O sentido relixioso do home		
<p>A natureza humana desexa o Infinito.</p> <p>A busca de sentido na experiencia da enfermidade, a morte, a dor, etc.</p>	<p>1. Recoñecer o desexo de plenitude que ten a persoa.</p> <p>2. Comparar razoadamente distintas respostas fronte á finitude do ser humano.</p>	<p>1.1 Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.</p> <p>2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.</p> <p>2.2 Selecciona escenas de películas ou documentais que mostran a busca de sentido.</p>

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia		
A ruptura do home con Deus polo pecado. O relato bíblico do pecado orixinal.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Descubrir que o pecado radica no rexeitamento á intervención de Deus na propia vida. 2. Distinguir a verdade revelada da roupaxe literaria no relato do Xénese. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. 2.1 Analiza o texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
A persoa transformada polo encontro con Xesús.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recoñecer e apreciar que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender o mundo, a historia, a realidade, as persoas, etc. 2. Comprender que a pertenza a Cristo leva consigo unha nova forma de comportarse na vida. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Busca e selecciona biografía de conversos. 1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. 2.1 Crea e comparte textos, vídeoclips, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa		
A Igrexa, lugar de encontro con Cristo. Experiencia de plenitude no encontro con Cristo. A experiencia de fe xera unha cultura.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro con Cristo e a pertenza á Igrexa. 2. Valorar criticamente a experiencia de plenitude que promete Cristo. 3. Identificar na cultura a riqueza e a beleza que xera a fe. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. 1 Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa. 2.1 Escolta testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. 3.1 Demostra mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. 3.2 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc.

4º ESO

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. O sentido relixioso do home - 1ª AVALIACIÓN		
As relixións: procura do sentido da	1. Aprender e memorizar os principais	1.1 Identifica e clasifica os trazos

<p>vida.</p> <p>Plenitude na experiencia relixiosa: a revelación de Deus na historia.</p>	<p>trazos comúns das relixións.</p> <p>2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido.</p>	<p>principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.</p> <p>1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.</p> <p>2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.</p> <p>2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.</p>
---	---	--

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia - 1ª AVALIACIÓN

<p>A fidelidade de Deus á alianza co ser humano.</p> <p>A figura mesiánica do Servo de Yhwh.</p>	<p>1.Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.</p> <p>2.Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufrinte e o Mesías político.</p>	<p>1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.</p> <p>1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.</p> <p>2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufrinte e o Mesías político.</p> <p>2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.</p>
--	---	---

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación - 2ª AVALIACIÓN

<p>A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade.</p>	<p>1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa.</p> <p>2. Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión.</p>	<p>1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.</p> <p>2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de xesús.</p> <p>2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.</p>
--	--	---

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa - 3ª AVALIACIÓN

<p>A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano.</p> <p>A autoridade eclesial ao servizo da verdade.</p> <p>A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.</p>	<p>1. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.</p> <p>2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade.</p> <p>3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.</p>	<p>1.1 Elaborar xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.</p> <p>1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.</p> <p>1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefere a que recoñece como máis humana.</p> <p>2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como</p>
---	--	--

		<p>recoñece nelas a verdade.</p> <p>2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.</p> <p>2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.</p> <p>3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.</p>
--	--	---

1º BAC.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
Bloque 1. Antropoloxía cristiá		
<p>O home, ser relixioso que busca un sentido á vida. Expresións históricas do sentido relixioso.</p> <p>O misterio da persoa humana. Fundamento da súa dignidade.</p> <p>Diversas posturas ante o feito relixioso na sociedade actual.</p>	<p>1.Recoñecer e respectar a necesidade de sentido no home.</p> <p>2.Comparar manifestacións históricas que permitan desvelar dende sempre o sentido relixioso do ser humano.</p> <p>3.Dar razón da raíz divina da dignidade humana.</p> <p>4. Identificar e contrastar no momento actual diversas respostas de sentido.</p>	<p>1.1 Reflexiona sobre acontecementos mostrados nos medios de comunicación e emite xuízos de valor sobre a necesidade de sentido.</p> <p>2.1 Identifica e diferenza a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.</p> <p>3.1 Descubre, a partir dun visionado que mostre a inxustiza, a incapacidade da lei para fundamentar a dignidade humana. Compara con textos eclesiais que vinculan a dignidade do ser humano á súa condición de creatura.</p> <p>3.2 Investiga, obtén datos estatísticos e analiza sacando conclusións, comportamentos dos mozos que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.</p> <p>4.1 Cualifica as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo e contrástaas coa proposta de salvación que ofrecen as relixións.</p>

Bloque 2. Doutrina Social da Igrexa

<p>Orixe e evolución da doutrina social da Igrexa.</p> <p>Principios fundamentais da doutrina social da Igrexa.</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Coñecer e valorar o contexto en que nace e o ensino da doutrina social da Igrexa.2. Identificar a dignidade humana como clave para unha convivencia xusta entre os homes, diferenciándoa dos recoñecementos que o Estado realiza a través das leis.3. Coñecer e aplicar os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa a diversos contextos.	<ol style="list-style-type: none">1.1 Identifica problemas sociais de finais do século XIX. Estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da doutrina social da Igrexa.2.1 Elabora unha definición persoal sobre os termos, legal, ético e moral. Explica publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.3.1 Comprende e define con palabras persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplica a situacións concretas os devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa.
---	--	---

Bloque 3. Relación entre la razón, la ciencia y la fe

<p>Formas de coñecemento ao longo da historia coas que o ser humano descobre a realidade e a verdade.</p> <p>Percorrido histórico das relacións entre a ciencia e a fe.</p> <p>Vínculo indisoluble entre ciencia e ética.</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Coñecer e distinguir os diferentes métodos utilizados pola persoa para coñecer a verdade.2. Coñecer e aceptar con respecto os momentos históricos de conflito entre a ciencia e a fe, sabendo dar razóns xustificadas da actuación da Igrexa.3. Ser consciente da necesidade de relación entre ciencia e ética para que exista verdadeiro progreso humano.	<ol style="list-style-type: none">1.1 Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.2.1 Recoñece con asombro e esforzase por comprender a orixe divina do cosmos e distingue que non provén do caos ou o azar.2.2 Infórmase con rigor e debate respectuosamente, sobre o caso de Galileo, Servet, etc. Escribe a súa opinión, xustificando razoadamente as causas e consecuencias dos devanditos conflitos.3.1 Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.3.2 Analiza casos e debate de xeito razoado as consecuencias que se derivan dun uso da ciencia sen referencia ético.
---	---	---

Bloque 4. A Igrexa xeradora de cultura ao longo da historia

<p>Significado do termo e dimensións da cultura.</p> <p>A vida monacal, fonte de cultura</p>	<ol style="list-style-type: none">1. Coñecer e comparar diferentes acepcións do termo cultura.2. Ser consciente que a persoa é xeradora de cultura.3. Caer na conta do cambio que o monacato introduce na configuración do tempo e o traballo.	<ol style="list-style-type: none">1.1 Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástan co carácter antropolóxico do ensino da Igrexa.2.1 Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde as compare criticamente.3.1 Coñece e respecta os trazos da vida monástica. Identifica a súa influencia na
--	--	--

		<p>organización social e a vida laboral.</p> <p>3.2 Valora o traballo dos monxes por conservar a arte e a cultura grecolatina, elaborando un material audiovisual no que se recolla a síntese do seu estudo.</p>
--	--	--

2º BAC.

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
Bloque 1. Antropoloxía cristiá - 1ª AVALIACIÓN		
<p>A identidade do ser humano.</p> <p>O mundo actual e a cuestión bioética.</p>	<p>1.1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade.</p> <p>2. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida.</p>	<p>1.1 Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación "home e muller creounos?".</p> <p>2.1 Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida.</p> <p>2.2 Posúe argumentos para defender ou dar razóns desde a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen en clase.</p>
Bloque 2. Doutrina Social da Igrexa - 1ª AVALIACIÓN		
<p>A persoa, a vida, o traballo, a s r e l a c i o n e s internacionais e a economía á luz da doutrina eclesial.</p>	<p>1. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida.</p> <p>2. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.</p>	<p>1.1 Descubre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo.</p> <p>2.1 Propón proxectos ou solucións que poderían levar a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.</p>
Bloque 3. Relación entre la razón, la ciencia y la fe - 2ª AVALIACIÓN		

Aportacións dos investigadores cristiáns á ciencia e á técnica no contexto actual.	1. Recoñecer o valor social das aportacións realizadas por investigadores cristiáns.	1.1 Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas achegas ao ámbito da ciencia e a técnica.
Bloque 4. A Igrexa xeradora de cultura ao longo da historia - 3ª AVALIACIÓN		
A acción evanxelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos. A expresión da fe xera beleza a través da arte.	1. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos. 2. Comprender que algunhas creacións culturais son a expresión da fe.	1.1 Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ao home e xustifica a elección realizada. 2.1 Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. 2.2. Confecciona un material creativo que permita coñecer a eses artistas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Ó longo da avaliación realizaránse diferentes probas e exercicios en formas diversas para avaliar os contidos (exercicios temáticos, probas de grupo, test, concursos...). Cada un destes exercicios será puntuado cunha nota do 0 ó 10. A nota media de todos eles constituirá o 50% da nota final da avaliación.

Unha actitude positiva dentro de aula (atención, curiosidade, interese, realización de preguntas e exercicios, participación nos grupos) poderase entender como un intento máis cara á comprensión dos contidos, polo que será unha cualificación moi positiva a ter en conta.

Do mesmo xeito, unha actitude negativa dentro da aula, reflexará unha avaliación negativa, por entender un desinterese non so cara ós contidos senon que é tamén una falta de ó dereito de formación dos seus compañeiros/as, aínda que os contidos da mesma estiveran superados suficientemente.

Si un alumno/a recibe tres chamadas de atención na aula polo seu mal comportamento ou actitude negativa cara a asignatura ou a aula comportará un 0 na nota de actitude e interese.

Cuidado de todo o material que se emprega na aula, libros, cadernos, apuntamentos.

Con todos estes datos formarase a nota media do alumno que dará lugar a súa nota final.

- **Cada avaliación puntuarase de 1 a 10.**
- **A avaliación será continua.**

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

Esta será continua a través das “auto avaliacións”, probas de avaliación tipo test e traballos de clase correspondentes os temas de cada avaliación.

- ✓ Participación oral que se faga na clase.
- ✓ bo estado do material de traballo.

- ✓ Participación activa en traballos sobre folletos, libros, vídeos, etc realizados na aula o una casa.
- ✓ Participación activa en concursos, dinámicas e xogos individuais ou en grupo preparados polos alumnos/as ou polo profesor.
- ✓ interese e laboriosidade na aula.
- ✓ Integración no grupo.
- ✓ Anotacións do profesor derivadas da observación directa da actitude do alumno/a na aula.
- ✓ Valoración positiva da Asignatura.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN:

- Observación da actitude do/a alumno/a na aula para descubrir se ten un proceso de aprendizaxe correcto e axeitado.
- Realización de exercicios sobre cada tema que sexa explicado na aula.
- Realización de traballos, ben en grupo, ben de forma individual, en diferentes formatos, para descubrir á súa capacidade de síntese, atención, potenciación da memoria, etc.
- Realización de diferentes actividades na aula que permitan ós /as alumnos/as asimilar os diferentes contidos: lectura, realización de esquemas e resúmenes, debuxos, elaboración de relatos.

CRITERIOS DE AVALIACION

Á hora de avaliar se terán en conta os seguintes criterios:

A ASISTENCIA SERÁ OBRIGATORIA TANTO NA ESO COMA NO BACHARELATO PARA PODER SUPERAR A MATERIA.

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

1. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A

No aula o alumno traballa facendo fichas, tomando apuntamentos na súa libreta, lendo as leccións. Supón ata un máximo do 10% da nota.

2. PARTICIPACIÓN NO AULA

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de 10 % na nota.

3. EXAMES CONVENCIONAIS

Exercicios escritos sobor dos contidos estudados. Supón ata un 45% da nota.

4. TRABALLO EN EQUIPO

Traballos propostos polo profesor para facer en equipo. Supón ata un 15% da nota.

5. COMPORTAMENTO E ACTITUDE

Supón ata un 20 % da nota.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

Para os alumnos que non promocionen en Xuño, haberá unha proba extraordinaria en Setembro á que se lle aplicarán os criterios mencionados anteriormente.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1. MODELO PARA O PROFESORADO

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das Unidades Didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

2. MODELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
▪ Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
▪ Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
▪ Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.				
▪ Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
▪ Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.				
▪ Presento os contidos dando unha visión xeral do tema				
▪ Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..				
▪ Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.				
▪ Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación				
▪ Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais				
▪ Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: ▪ Fágoo a sorteo. ▪ Fago os grupos por niveis. ▪ Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis				
▪ Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2				
▪ Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora				
▪ Emprego medios técnicos audiovisuais.				
▪ Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
▪ Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				

▪ Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
▪ Reviso e corrijo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa.				
▪ Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas.				
▪ No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
▪ No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.				
▪ Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				
▪ Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
▪ Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
▪ Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

3. CUESTIONARIO SOBRE A AVALIACIÓN

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
<ul style="list-style-type: none"> • Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: • Promoción do alumnado. • Adopción de medidas de atención á diversidade. • Elaboración do Consello orientador. 				
• Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación				
• Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.				
• Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado				
• O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan				
• O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.				
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. <ul style="list-style-type: none"> - Listas de control. - Escalas de valoración. - Anecdótico. - Diarios de clase. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: • Coherentes cos estándares de aprendizaxe . • Adaptados a diversidade dos alumnos. • Diferentes según os contidos tratados 				
• Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación				
• Emprego a autoavaliación do alumnado				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(semprre).

CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO

INDICADORES	1	2	3	4
• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos según as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada				
• Participo activamente (aporto ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle o profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				
• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia o/a titor/-a				
• Preocúpome por poñerme o día na materia cando falto a clase.				
• Adoito unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adoito unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara o estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(semprre).

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Seguiranse os criterios de avaliación contemplados, no D.C.B. e no D.O.G.A., segundo a orde do 21 de Decembro de 2007 sobre avaliación, promoción e titulación na E.S.O., como consecuencia do disposto no Real Decreto 133/2007 do 5 de Xullo. Publicado no D.O.G.A. do 7 de Xaneiro do 2008.

Os contidos son os reflectidos na programación de cada curso.

Os alumnos coa materia pendente do curso anterior serán avaliados polo profesor que lles deu clase no curso pasado, para superar a materia terán que pasar dúas convocatorias de exames, un cada trimestre, ou ben entregar un traballo periódicamente segundo o acordado co profesor.

Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar una nova proba de pendentes en Setembro.

Os materiais de reforzo para a materia pendente serán os propios do nivel e curso no que estivese matriculado o alumno. Nestes materiais, o profesor de Relixión determinará as actividades dos mesmos que cubran os contidos mínimos relativos ao nivel pendente que debe superar o alumno. O profesor coa materia pendente poderá establecer outros materiais de reforzo se o estima oportuno para acadar os obxectivos

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN O ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO.

No Bacharelato, para coñecer a situación do alumno procederemos así:

- Unha proba de comprensión dun texto bíblico para verificar a comprensión de contidos.
- Unha presentación do alumno dun tema escollido ao chou (dos contidos mínimos de relixión na ESO) para verificar a capacidade de presentar información e defensa dun tema.
- Unha redacción dun pequeno ensaio para valorar a capacidade de expresión escrita do alumno, tamén a súa habilidade para desenvolver un argumento coherente, o uso de referencias e a súa avaliación crítica de ideas.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación individualizada na materia de Relixión implica partir dunha avaliación inicial cos obxectivos seguintes:

- Coñecer a situación inicial na que se atopa o/a alumno/a.
- Detectar as causas ou motivos desa situación, para poder resolvela.
- Analizar a evolución educativa e académica dende o comezo do curso.
- Adaptar obxectivos, contidos, metodoloxías e actividades, así como criterios de avaliación en función das características dos/as alumnos/as.

Esta avaliación inicial na materia de Relixión farase a nivel de clase ao comezo de curso, preferentemente na segunda quincena de Setembro, xa que se debe coñecer aos alumno/as cos que se vai a traballar. Para iso contamos coas seguintes ferramentas:

- ✓ Probas iniciais, tendo en contas cales son os coñecementos previos dos/as alumno/as.
- ✓ Observación na aula.
- ✓ Información doutros profesores, expediente académico etc.
- ✓ Cuestionarios.
- ✓ Listas de control, etc.

1 - MODELO DE REXISTRO DUN INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

INFORME AVALIACIÓN INICIAL		
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:
Dificultades na materia de Relixión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Falta de capacidade. ▪ Falta de base académica. ▪ Problema de comprensión. ▪ Problema de expresión. ▪ Faltas de ortografía. 		
Actitude cara a materia de Relixión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballo. ▪ Atención. ▪ Interese. ▪ Participación. ▪ Respetto. 		
Medidas propostas como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Reforzo educativo na aula. ▪ Control do traballo na aula. ▪ Fomentar a autoestima. ▪ Integración no grupo. ▪ Control de absentismo. ▪ Outras medidas a adoptar. 		

2 - MODELO DE GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN		
MATERIA: RELIXIÓN	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:
Información do titor/a sobre: <ul style="list-style-type: none"> • Información relevante dos informes individualizados. Repetidores/as. Ambiente sociocultural e familiar. Outras informacións relevantes. Problemas do grupo. 		
Intercambio de información entre o profesorado: <ul style="list-style-type: none"> Primeiras impresións. • Resultados da avaliación inicial nas diferentes 		

materias. • Detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe.	
Toma de decisións: • Actividades de reforzo ou adaptación curricular, ampliación ou recuperación. • Exencións da 2ª lingua estranxeira (francés 1º e 2º de ESO). • Axuste das programacións. • Outras medidas en relación coa convivencia, comportamento, asistencia...	
Decisións e acordos sobre o proceso de avaliación inicial:	

O titor despois da sesión de avaliación, e a partir da información recompilada, cubrirá o Informe de avaliación inicial no XADE.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

SIGNIFICADO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade responderá a unha educación equitativa e de calidade, dentro dos principios inclusivos e de individualización da intervención educativa.

Actualmente a lexislación sobre diversidade deixou de entendela como algo excepcional para convertela na norma: cada alumno é diverso e heteroxéneo, ten distintas características, necesidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais.

Para atender a este alumnado diverso temos que axustar a resposta educativa a cada alumno, de xeito que cubramos as necesidades individuais do conxunto global do alumnado. Todo un reto.

Precisamos poñer en xogo todos os elementos organizativos e metodolóxicos, en aras de cubrir as necesidades educativas específicas ou non específicas que presenten os nosos alumnos. A atención á diversidade é responsabilidade de todos e cada un dos/as profesores/as do centro, asesorados polos profesionais da orientación e apoiados polas accións realizadas neste ámbito polos equipos directivos.

Educar na diversidade supón unha escola para todos, na que todos teñan cabida coas súas características individuais. Unha escola, na que se lle ofrezca a cada un, aquilo que mellor lle axude a desenvolver a súa máxima potencialidade, partindo do que é.

Unha escola capaz de desenvolver un conxunto de accións encamiñadas a previr e dar resposta as posibles necesidades de todo o alumnado do centro e, entre eles, a aquel que require unha actuación específica derivada das súas necesidades educativas especiais, de altas capacidades, de dificultades de aprendizaxe, da súa incorporación tardía ao sistema educativo, das súas condicións persoais ou de historia escolar.

ALUMNADO CON NEAE (Alumnado con necesidade específica de apoio educativo).

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia

escolar.

ALUMNADO CON NEE (necesidades educativas especiais).

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

DA (dificultades de aprendizaxe).

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO.

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente e de maneira excepcional no manexo dun ou varios destes recursos.

ALUMNADO CON CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR.

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

<p><u>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</u> (Extracto do Decreto 229/2011 do 7 de decembro)</p>	<p>Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.</p>
<p>Medidas ordinarias</p>	<p>Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.</p> <hr/> <p>Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.</p> <hr/> <p>Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou enseñanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:</p> <p>a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.</p> <hr/> <p>b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.</p>

	<p>c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.</p> <hr/> <p>d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</p> <hr/> <p>e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.</p> <hr/> <p>f) Desdobramentos de grupos.</p> <hr/> <p>g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p> <hr/> <p>h) Programas de enriquecemento curricular.</p> <hr/> <p>i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.</p> <hr/> <p>j) Programas de recuperación.</p> <hr/> <p>k) Programas específicos personalizados.</p> <hr/> <p>l) Programas de habilidades sociais.</p>
<p>Medidas extraordinarias</p>	<p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p> <hr/> <p>Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.</p> <hr/> <p>Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:</p> <p>a) Adaptacións curriculares.</p> <hr/>

b) Agrupamentos flexibles.
c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
e) PMAR
f) FP Básica
g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
h) Grupos de adquisición das linguas.
i) Grupos de adaptación da competencia curricular.
A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

REFORZO EDUCATIVO VS. ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

	REFORZO EDUCATIVO (RE)	ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA (ACS)
Refléxase nos seguintes documentos:	Expediente académico, boletín de notas (non queda constancia no libro de escolaridade).	Expediente académico, boletín de notas e libro de escolaridade.
Elementos afectados do currículum:	Afecta aos elementos non prescriptivos do currículum, é dicir, á secuencia dos contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.	As modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículum. Serán elementos do currículum susceptibles de modificación os obxetivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, si procede; os contidos, que tamén podeán ser modificados, complementados e incluso suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e incluso suprimidos.
Documento:	Non hai que redactar ningún documento.	Hai que redactar un documento.

Requisito de avaliación psicopedagóxica:	Non.	Sí.
É competencia:	Do profesor da materia e se é o caso coa colaboración no desenvolvemento doutros profesionais (profesor de materia ou profesor de PT).	Do profesor da materia, coa colaboración do departamento didáctico implicado e co asesoramento do departamento de orientación.
Autorización:	Non, pero hai que comunicarllo ao titor/a e este informará ao equipo directivo.	Sí, inspección educativa.
A calificación:	Corresponde ao profesor do departamento didáctico (se participou no desenvolvemento do RE outro profesional é positivo contar coa colaboración dos mesmos para fixar a nota).	Corresponde ao profesor do departamento didáctico (se participaron as profesoras de pedagogía terapéutica na ACS é positivo contar coa colaboración das mesmas para fixar a nota).

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Traballaremos en cada curso os mesmos elementos transversais porque son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptados ao nivel de cada grupo e, dentro de cada grupo, axeitados ás necesidades do alumnado pois hai graduacións diversas no desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1 e 2. *Comprensión Lectora e á Expresión oral e escrita*

- As habituais prácticas do Plan Lector do Centro.
- Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor/a.

3. *Comunicación Audiovisual*

- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

4. *Educación nas tecnoloxías da comunicación e información*

- Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.
- Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

5. *Emprendemento*

- Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.
- Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

6. Educación cívica:

- Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.
- Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinação e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

7. Prevención de violencia.

- Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.
- Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

RELACIÓN COAS DE MAIS ÁREAS

Por ser a Relixión Católica un elemento esencial na busca de respostas ós interrogantes que o ser humano se fixo ó longo da historia e, por ser un ineludible feito cultural, a relixión ten unha gran relación con calquera das áreas que o alumno/a debe estudar.

Deste xeito, na área de Relixión e Moral Católica establécese unha relación interdisciplinaria con outras áreas do currículo: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia; Ciencias da Natureza; Música; Educación Plástica e Visual; Matemáticas; Tecnoloxía; Cultura Clásica; Ética e Lingua e Literatura, Filosofía, etc.

- **Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.** A análise da realidade histórica, xeográfica, social, económica, cultural ou política é imprescindible para coñecer e entender como xurdiron, como se desenvolveron e como se expresaron as diferentes relixións ó longo da historia.
- **Ciencias da Natureza.** O medio físico natural constitúe o contorno co que se interrelaciona o ser humano e a fonte de onde este pode extraer experiencias para ir construíndo o coñecemento científico. Para a relixión, este coñecemento é de grande importancia de cara a comprender a vida humana e orientala

desde uns criterios cristiáns. Entre a fe e a ciencia existe unha complementariedade.

- **Música.** A música foi e é, na Igrexa e na historia das relixións, un dos elementos importantes de transmisión da mensaxe relixiosa: himnos, cantos...
- **Educación Plástica e Visual.** A través da arte, das imaxes (pintura, escultura...), o alumno/a aprende a comprender e a valorar o patrimonio cultural e artístico universal, o que lle permite estruturar e sistematizar os contidos da fe, especialmente da católica.
- **Matemáticas.** Na análise da realidade están presentes os razoamentos lóxicos achegados desde as Matemáticas. Esta materia facilita as claves necesarias para a regulación de prácticas sociais concretas na repartición dos bens. A relixión, a partir desta análise, orienta a moral do crente e dálle claves cristiás para que a xustiza e a equidade se vaian facendo realidade.
- **Tecnoloxía.** A través do desenvolvemento da sociedade ábrese unha nova etapa cultural na que a tecnoloxía ten unha grande influencia en diversos aspectos da vida humana: condicións de vida, costumes da sociedade... A relixión debe situarse nesa realidade e debe adaptar a mensaxe relixiosa ás novas condicións de vida e costumes, e valorar a técnica como medio transmisor importante.
- **Cultura Clásica.** Mediante o estudo da Cultura Clásica, sitúase ó alumno/a no contorno no que se desenvolveron as grandes relixións.
- **Ética.** É un dos campos cos que a relixión ten maior conexión. A ética analiza a moral humana desde o punto de vista da racionalidade crítica; a relixión faíno desde uns valores e desde unha moral que xorde desde o seu sentido relixioso. A través desta moral adquirense uns criterios e valores e uns comportamentos determinados que comprometen o crente na construción dunha sociedade máis xusta e máis humana, segundo o querer de Deus.
- **Lingua e Literatura.** A lingua interioriza e expresa as representacións culturais dunha sociedade. Considerada tamén como ferramenta de comunicación, ten unha importante dimensión social. A relixión, a través desta comunicación, expresa as súas vivencias e crenzas e descobre a mensaxe relixiosa que, por medio da Literatura, chegou a nós, en especial a mensaxe que está presente na Biblia, Palabra de Deus, comunicación de Deus co ser humano.
- **Filosofía.** É un dos campos cos que a relixión ten maior conexión. A filosofía pretende dar unha resposta ó sentido da vida desde o punto de vista da racionalidade crítica; a relixión desde a verdade revelada. Entre a fe e a razón non existe oposición, senón complementariedade. A crítica filosófica das relixións e da fe cristiá, e os humanismos cristiáns do século XX, son dous aspectos fundamentais da interrelación entre ambas as materias.

14. AS ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

O proxecto lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Os obxectivos deste proxecto son: desenvolver a competencia lectora, favorecer a competencia literaria, educar no uso crítico da información, fomentar o hábito da lectura e apoiar a adquisición das competencias básicas.

Dende a área de relixión realízanse diversas actividades educativas destinadas a que os nosos alumnos alcancen os obxectivos do proxecto lector; actividades relacionadas coa lectura, comprensión lectora, busca e tratamento da información, etc. Entre estas actividades podemos destacar: lecturas en voz alta, resumos, mapas conceptuais e esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos, etc. Todo iso, a partir de lecturas axeitadas á súa idade, características e necesidades. Lecturas que, ademais, procuramos que lles resulten amenas e divertidas, á vez que educativas, xa que tratamos de introducilos no hábito da lectura.

No departamento de Relixión contamos con material educativo neste sentido, e ademais contamos coa colaboración da biblioteca do centro.

Os profesores realizan un seguimento exhaustivo destas actividades, e periodicamente avaliación.

Segundo o **PLAN LECTOR** do centro, establécese para o curso 2016/17 un tempo específico para a lectura escolar cos seguintes obxectivos:

- Desenvolver a competencia lingüística.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Propoñerlle aos alumnado unha serie de lecturas axeitadas a súa idade, intereses, etc.
- Plan Lector do centro desenvolve as seguintes características:
- Vinte minutos de luns a venres (o horario rota cada semana).
- Lectura individual e silenciosa.
- Lectura de libre elección, supervisada polo profesor.
- De forma simultánea en tódalas áreas e niveis da etapa educativa.
- Tempo sen interrupcións do exterior.
- profesor de be ser modelo; evitará ler a prensa nese momento.
- Cada Departamento Didáctico aportará listados de lecturas relacionados coa materia impartida.

15. AS ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización en todos os ámbitos: educativos, familiares ou de pracer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a súa escolarización obrigatoria, alcanzara unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada; todo isto tendo en conta a situación xeográfica, social e persoal do alumnado, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles no centro.

Dende a área de Relixión contribuímos ao logro destes obxectivos mediante a realización de diversas actividades cos nosos alumnos, aínda que nos atopamos ás veces coas limitacións da falta de infraestruturas abondas no centro. Entre outros, os nosos obxectivos son:

- Contribuír a que os nosos alumnos aprendan a utilizar correctamente Internet.
- Intentar que os nosos alumnos participen en foros relacionados coa materia.
- Dar a coñecer e invitalos a utilizar páxinas Web relacionadas coa materia.
- Obter, interpretar, elaborar e valorar a información de diversos tipos e opinións a través de Internet.

16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O Departamento de Relixión contribúe ao Plan de Convivencia de centro:

- Educando ao alumnado para a convivencia democrática, incorporando na práctica docente contidos relacionados coa convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.
- Respectando a liberdade de conciencia e conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- Cumprindo e facendo cumprir as normas de convivencia do centro no ámbito da súa competencia.
- Fomentando un clima positivo de convivencia no centro e na aula, e durante as actividades complementarias e extraescolares, favorecendo un bo desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Mantendo a orde e velando polo axeitado comportamento do alumnado no centro, tanto na aula como fóra dela, corrixiendo e poñendo en coñecemento dos órganos competentes as condutas que alteren a convivencia.
- Informando as familias das cuestións que puidesen afectarlles, dos incumprimentos das normas de convivencia por parte dos seus fillos e das medidas disciplinarias adoptadas ao respecto.
- Controlando as faltas de asistencia así como os retrasos dos alumnos e informando aos titores, segundo o procedemento establecido.

Para atender ó desenvolvemento integral dos alumnos, hai que incorporar nas diferentes áreas elementos educativos básicos contidos nas ensinanzas transversais.

Deseguido, e de forma moi breve, presentamos como se incorporan as ensinanzas transversais na área de Relixión e Moral Católica.

Educación moral e cívica

- Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade.
- Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade.
- Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinação e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.
- Analizar as causas dos desequilibrios sociais e as actitudes que os cristiáns deben tomar ante eles.
- Valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- Colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

Educación para a paz

- Aceptarse como persoa, coas súas calidades e defectos, e adquirir actitudes de aceptación, respecto e tolerancia cara ás demais persoas.
- Coñecer o contido da Declaración dos Dereitos Humanos e analizar as esixencias que emanan deles.
- Coñecer o contexto cultural doutros pobos, valoralos e adquirir unha postura de respecto.
- Descubrir feitos nos que se respectan os dereitos humanos e feitos nos que se violan.
- Analizar posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón...
- Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais.

- Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar os demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás.
- Coñecer a Doutrina Social da Igrexa ante os problemas que ameazan a paz mundial.
- Descubrir e valorar a historia criticamente desde unha perspectiva do tempo e das circunstancias daquela época.
- Adquirir unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- Recoñecer e valorar as iniciativas da Igrexa na construción da paz e identificar modelos de persoas construtoras de paz e chegar a valoralas.

Educación para a igualdade entre os sexos

- Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- Colaborar con todas as persoas sexan dun ou doutro sexo.
- Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.
- Aceptar indiscriminadamente as tarefas que toca realizar (prescindindo do xa establecido polo feito de ser home ou muller).

Educación para a saúde

- Descubrir todo aquilo que vai en contra da vida e da saúde.
- Apreciar, valorar e defender a vida humana e tomar actitudes de responsabilidade ante a súa propia vida e a dos demais.
- Descubrir todo aquilo que vai contra a vida humana: atentados, eutanasia, abortos, drogas... e adquirir un criterio responsable ante a vida.
- Valorar a Igrexa, as entidades e as persoas que defenden a vida humana.
- Descubrir e agradecer todo o positivo da vida.
- Coñecer entidades relixiosas e non relixiosas que se dedican con empeño ó coidado da saúde e valorar a súa misión.

Educación do consumidor

- Aprender a coidar e a colaborar cos bens da Creación para poñelos ó servizo de todas as persoas e os seres creados.
- Valorar os produtos de consumo con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios de comunicación teñen sobre as persoas en relación coa sociedade de consumo e tomar unha postura crítica ó respecto.
- Analizar feitos que fan referencia á sociedade de consumo desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.
- Analizar a Doutrina Social da Igrexa como resposta ós problemas da sociedade: traballo, poder, guerra...

Educación ambiental

- Descubrir, apreciar e valorar os bens da natureza e do ambiente e colaborar na súa conservación.
- Rexeitar comportamentos sociais que permiten a deterioración da natureza e do ambiente.
- Reflexionar sobre cando se colabora co medio natural e cando non se colabora.
- Descubrir, apreciar e valorar a arte e todas as riquezas culturais que nos legaron e coidalas.
- Descubrir e valorar costumes, tradicións, lendas, a historia doutros grupos e pobos.

Educación sexual

- Descubrir o que encerra a sexualidade humana e valorala desde a faceta do amor.
- Recoñecer a importancia de valorar o corpo (o seu e o dos demais) e a sexualidade na súa xusta medida.
- Descubrir e analizar a influencia que os medios de comunicación exercen sobre o corpo e a sexualidade humana e tomar medidas ó respecto.
- Valorar criticamente a formación recibida respecto á sexualidade e descubrir a importancia dunha boa educación neste aspecto.
- Descubrir o matrimonio e a relación home-muller como complementariedade e riqueza desde o amor.
- Descubrir e valorar, a través das diferentes opcións de vida, o enfoque que as persoas lle dan á súa sexualidade (matrimonio, celibato...).

Educación vial

- Descubrir a importancia dunha educación vial para coidar e respectar vidas humanas.
- Tomar conciencia de que somos responsables da vida dos demais, de aí a importancia de cumprir as normas de circulación.
- Analizar os problemas que se dan na estrada e buscar unha resposta cristiá de respecto e valor pola vida.
- Coñecer a preocupación da Igrexa no apostolado da estrada.

Educación nas tecnoloxías da información

- Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.
- Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POR CADA DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.

As actividades deste Departamento de Relixión realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización de cada actividade concreta farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo. Ademais ha de terse en conta que, como para algunha das actividades é preciso utilizar días non lectivos, será imprescindible contar co permiso especial das familias. Asimesmo, como é normativo, todo o Plan pasará polo Consello Escolar do Centro.

Valorarase coa Xefatura de Estudos a oportunidade de dar,ou non, participación aos alumnos que teñan sido apercibidos por mal comportamento anque os seus pais ou titores lles dean permiso para asistir á actividade.

No caso de saídas onde haxa ausencia de prazas será o profesor quen decida de xeito flexible, e dacordo co equipo Directivo, os criterios para permitirlle a asistencia a un determinado alumno.

Vaia por diante que o prioritario desta programación é propor obxectivos e metas realistas e que a súa consecución depende dos medios dispoñibles e da colaboración de alumnos, pais, titores de cada grupo e doutros profesores do Instituto.

OBXECTIVOS:

- ✓ Achegar aos alumnos á cultura relixiosa do seu entorno
- ✓ Recoñecer os distintos símbolos e obxectos relixiosos cristianos
- ✓ Levar a cabo actividades conxuntas con outros departamentos

1º E.S.O.:

- Visita do románico polo Concello.

2º E.S.O.:

- Charla - coloquio sobre la paz

3º E.S.O.:

- Visita a alguna obra social de la Iglesia

4º E.S.O.:

- Visita a Santiago (Museo das Peregrinacións, Catedral, etc.), (todo o día)

1º BAC.:

- Excursión a Roma

Se engadirán á programación aquelas visitas que poidan xurdir ó longo do curso e que non se contemplaron ó inicio. Intentarase que non coincidan no terceiro trimestre tal e como se acordou no claustro de inicio de curso.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro os obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos/as alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa e do proxecto curricular que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, este departamento de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Reunións do departamento e das coordinacións de curso e nivel.
- Enquisas de autoavaliación do alumnado.
- Enquisas de autoavaliación do profesorado.
- Guías de análise.
- Enquisas ao alumnado e ao profesorado.

CUESTIÓNS	Si/ Non	Xustificación	Observacións
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fíxose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

ASPECTOS	DESTACAMOS	A MELLORAR	PROPOSTAS
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			

Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

18. UNIDADES DIDÁCTICAS POR CURSOS

1º ESO

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE. <ul style="list-style-type: none"> BLOQUE 1 (UNIDADES 1,2) BLOQUE 2 (UNIDADE 3) 	2º TRIMESTRE <ul style="list-style-type: none"> BLOQUE 3 (UNIDADES 4,5,6) 	3º TRIMESTRE <ul style="list-style-type: none"> BLOQUE 4 (UNIDADES 7,8,9)
--	---	---

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSEC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC)

UNIDADE 1: Relixión, realidade e valores

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> As relixións e a historia da humanidade. Relación e diferencias entre as relixións da Antigüidade e o Cristianismo. O relato bíblico «A historia do patriarca Xosé». Espiritualidade do 	1. Valorar as relixións na historia da humanidade	1.1. Define que é a relixión.	CCL, CD, CAA, CEC
		1.2. Nomea as expresións relixiosas máis antigas.	CCL, CD, CAA, CEC

<p>patriarca Xosé e o sentimento relixioso.</p> <p>- Os valores do hinduísmo e o cristianismo.</p>	2. Relacionar e distinguir as relixións da Antigüidade e o Cristianismo.	2.1. Expressa as aportacións das relixións.	CCL, CD, CAA, CEC
		2.2. Establece diferenzas entre as relixións da Antigüidade e o Cristianismo.	CCL, CD, CAA, CEC
	3. Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «A historia do patriarca Xosé».	3.1. Escribe o argumento do relato bíblico de «A historia do patriarca Xosé».	CCL, CAA, CSEC, CEC
		3.2. Enumera valores e antivalores dos seus personaxes.	CCL, CAA, CSYC, CEC
	4. Dialogar sobre a espiritualidade e reflexionar sobre un salmo.	4.1. Participa en debates sobre a espiritualidade por medio do diálogo.	CCL, CD, CAA, CSYC, CEC
		4.2. Valora as aportacións dos compañeiros.	CCL, CD, CAA, CSYC, CEC
	5. Comparar e seleccionar valores das relixións hinduísta e cristiá	5.1. Elixo e xerarquiza valores do hinduísmo e o cristianismo necesarios na actualidade.	CCL, CD, CAA, CSYC, CEC

UNIDADE 2: Deus, creación e moral

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>- Comportamentos relacionados coa destrución e a conservación do medio ambiente.</p> <p>- Características, principios éticos e comportamentos morais e ecolóxicos que compoñen a moral católica do medio ambiente.</p> <p>- Os dous relatos bíblicos de «A Creación de Deus».</p>	1. Enumerar comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.	1.1. Escribe Comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.	CCL, CD, CAA, CSEC
	2. Resumir a moral católica do medio ambiente.	2.1. Expressa que é a moral católica do medio ambiente.	CCL, CAA, CSEC, CEC
		2.2. Sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación.	CCL, CAA, CSEC,

<ul style="list-style-type: none"> - Xesús, mestre espiritual da natureza e o sentimento de louvanza. - O valor de humanizar á persoa e á Terra 			CEC
	3. Expresar ensinanzas morais relacionadas cós dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Deus».	3.1. Extrae as principais ensinanzas morais e relixiosas dos dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Dios».	CCL, CAA, CSEC, CEC
		3.2. Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.	CCL, CAA, CSEC, CEC
	4. Manifestar louvanza a Deus pola obra da natureza.	4.1. Extrae ensinanzas de textos evanxélicos sobre a natureza.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		4.2. Realiza unha tarxeta de louvanzas a Deus.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	5. Participar nun cine fórum.	5.1. Dialoga, seguindo unhas pautas, sobre o contido dunha película.	CCL, CAA, CSEC, SIEP

UNIDADE 3: Deus na Historia da Salvación

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Deus na Historia da Salvación. - A plenitude da revelación na Historia da Salvación. - O relato bíblico «David e Goliat». - Significado espiritual dos nomes e o sentimento de desexar a Deus. - O valor da confianza 	1. Sinalar os principais acontecementos, personaxes e revelacións de Deus pertencentes á Historia da Salvación.	1.1. Describe os personaxes e acontecementos máis significativos da Historia da Salvación.	CCL, CD, CAA, CSEC
		1.2. Expresa como descubrir a Deus na vida e historia persoal.	CCL, CD, CAA, CSEC
	2. Expresar que son a Historia da Salvación e a plenitude da revelación que ensina a Igrexa católica.	2.1. Define a Historia da Salvación e que revelou Deus ao pobo de Israel.	CCL, CD, CAA, CSEC
		2.2. Explica en que consiste a plenitude da revelación para a Igrexa católica.	CCL, CD, CAA, CSEC
	3. Resumir o relato bíblico de «David e Goliat» e algunhas das ensinanzas que se poden	3.1. Resume o argumento e as ensinanzas do relato bíblico de «David e Goliat».	CCL, CD, CAA, CSEC

	extraer e aplicar hoxe.	3.2. Enumera valores e antivalores dos seus personaxes.	CCL, CD, CAA, CSEC
	4. Dialogar sobre a espiritualidade de algúns nomes e reflexionar sobre o desexo de búsqueda de Deus.	4.1. Participa en debates sobre a espiritualidade de os nomes por medio do diálogo.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		4.2. Elabora unha reflexión persoal sobre personaxes e acontecementos bíblicos.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	5. Valorar o grao persoal de confianza.	5.1. Autoavalía a partires dunhas claves de interpretación o grao de confianza persoal.	CCL, CAA, CSEC, SIEP
5.1. Autoavalía a partires dunhas claves de interpretación o grao de confianza persoal.		CCL, CAA, CSEC, SIEP	

UNIDADE 4: Xesús de Nazaret

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A encarnación de Xesucristo como Deus e home. - A mensaxe de Xesús: O Reino de Deus, os milagres, a Igrexa. - O relato bíblico «A parábola do sembrador». - O sentimento da alegría e a espiritualidade dende os nomes de Xesucristo. - Os valores das Benaventuranzas 	1. Coñecer o misterio de Xesucristo.	1.1. Describe o misterio da encarnación.	CCL, CAA
	2. Interpretar a mensaxe do Reino coa consecución da felicidade e a salvación.	2.1. Extrae conclusións sobre as características da mensaxe sobre o Reino de Deus.	CCL, CD, CAA, CSEC
		2.2. Expresa comportamentos e valores que fan medrar o Reino de Deus.	CCL, CD, CAA, CSEC
	3. Descubrir a mensaxe das parábolas do Reino, en especial «A parábola do sembrador».	3.1. Escribe o argumento, as ensinanzas e as analoxías do relato bíblico de «A parábola do sembrador».	CCL, CD, CAA, CSEC
		3.2. Nomea valores que xorden das parábolas do Reino de Deus.	CCL, CD, CAA, CSEC
	4. Interiorizar o significado dos nomes de Xesucristo e o sentimento de alegría.	4.1. Investiga acerca dos nomes de Xesucristo no NT.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		4.2. Deseña unha panxoliña	CCL, CD,

			CAA, CSEC, CEC
	5. Descubrir e aprender os valores das Benaventuranzas.	5.1. Define que son as Benaventuranzas.	CCL, CAA, CSEC, SIEP, CEC
		5.2. Comparalos valores da sociedade actual cós das Benaventuranzas.	CCL, CAA, CSeC, SIEP, CEC

UNIDAD 5: Evanxeos e moral de Xesús

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O ben e o mal moral. - Características da moral relixiosa de Xesús de Nazaret: a moral do amor. - O relato bíblico «Xesús e a muller adúltera». - Os valores da moral de Xesús e os sentimentos do Sagrado Corazón de Xesús. - Os valores dos Dez Mandamentos. 	1. Diferenciar entre o ben e o mal moral.	1.1. Escribe as diferencias entre o ben e o mal moral e as súas consecuencias persoais e sociais.	CCL, CD, CAA, CSEC
	2. Expresar a orixinalidade da moral de Xesús de Nazaret.	2.1 Distingue a novidade da moral de Xesús respecto á moral xudía.	CCL, CD, CAA, CSEC
		2.2 Enumera as aportacións da moral cristián.	CCL, CD, CAA, CSEC
	3. Descubrir a mensaxe do relato bíblico «Xesús e a muller adúltera».	3.1. Expón os valores e virtudes morais que practica Xesús.	CCL, CD, CAA, CSEC, SIEP
		3.2. Aplica a ensinanza do relato a casos específicos.	CCL, CD, CAA,

			CSEC, SIEP
4. Dialogar e expresar vivencias sobre os valores e sentimentos de Xesús de Nazaret.	4.1. Participa en debates sobre a dimensión espiritual plantexada nun cine fórum.		CCL, CAA, CSEC, CEC
	4.2. Expresa o sentimento vivenciado por medio dun debuxo.		CCL, CAA, CSEC, CEC
5. Expresar os valores e virtudes que propoñen os Dez Mandamentos.	5.1. Redacta comportamentos e compromisos concretos para practicar os Mandamentos.		CCL, CAA, CSEC, SIEP

UNIDAD 6: Evanxeos e resurrección de Xesucristo

Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>- O proceso de formación dos evanxeos.</p> <p>- A fe na resurrección de Xesucristo e a súa relación coa virxe María.</p> <p>- O relato bíblico «As aparicións de Cristo resucitado».</p> <p>- A espiritualidade da Saba Santa e o sentimento cristiá da resurrección.</p> <p>- O valor da esperanza cristián.</p>	1. Explicar cal é o proceso de formación dos Evanxeos.	1.1. Expón os pasos do proceso de formación dos Evanxeos.	CCL, CD, CAA
	2. Expresar como a resurrección profesase, celebra e testemuña.	2.1. Explica con exemplos como se profesa, celebra e testemuña a resurrección.	CCL, CD, CAA, CSEC
		2.2. Describe a estreita relación entre a virxe María e Xesús.	CCL, CD, CAA, CSEC
	3. Descubrir a mensaxe do relato bíblico «As aparicións de Cristo resucitado».	3.1. Expón que é a fe na resurrección.	CCL, CD, CAA, CSEC
		3.2. Enumera consecuencias sobre a fe na resurrección.	CCL, CD, CAA, CSEC
	4. Contemplan e expresan sentimentos sobre o rostro de Xesús.	4.1. Exterioriza sentimentos tras contemplar o rostro da Saba Santa.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		4.2. Expresa o sentimento vivenciado ao escoitar a canción “resurrección” de Amaral.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	5. Manifestar o valor da esperanza cristiá.	5.1. Escribe unha definición sobre a esperanza cristiá.	CCL, CAA, CSEC, SIEP,

			CEC
		5.2. Redacta unha carta de esperanza e alento.	CCL, CAA, CSEC, SIEP, CEC

UNIDAD 7: Igrexa, Xesucristo e Bautismo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>- A Igrexa, presenza de Xesucristo na historia.</p> <p>- Características da liturxia e sacramentos, en especial o sacramento do Bautismo.</p> <p>- El relato bíblico «O bautismo de Xesús».</p> <p>-A espiritualidade dos sacramentos e o sentimento da oración.</p> <p>- O valor da fraternidade.</p>	1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa.	1.1. Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa.	CCL, CAA, CSEC
	2. Describir as características básicas da liturxia e a orixinalidade do sacramento do Bautismo.	2.1. Define a liturxia católica e cales son os sete sacramentos.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		2.2. Sintetiza que é o sacramento do Bautismo e os seus principais ritos e símbolos.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		2.3. Relaciona o sacramento do Bautismo co pecado orixinal.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	3. Resumir o relato bíblico de «O bautismo de Xesús» e a súa principal ensinanza.	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «O bautismo de Xesús».	CCL, CD, CAA, CSEC
		3.2. Emprega argumentos propios para discutir unha opinión.	CCL, CD, CAA, CSEC
	4. Descubrir e interiorizar a espiritualidade nos sacramentos e na oración.	4.1. Investiga sobre os sacramentos na Biblia.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
		4.2. Expresa a vivencia interior da oración.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	5. Comprender o valor da fraternidade.	5.1. Participa nun disco fórum sobre la fraternidade.	CCL, CAA, CSEC, CEC

UNIDADE 8: Igrexa, Xesucristo e Eucaristía

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>- Características da Eucaristía e a súa liturxia.</p> <p>- Importancia da Eucaristía na vida da Igrexa y dos católicos.</p> <p>- O relato bíblico «A Cea Pascual».</p> <p>- Nomes e aspectos da Eucaristía.</p> <p>- O valor do compromiso cristiá.</p>	1. Explicar as características fundamentais do sacramento da Eucaristía e os ritos da súa liturxia.	1.1. Expresa en que consiste o sacramento da Eucaristía e a súa liturxia.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	2. Detallar que aporta a Eucaristía á vida eclesial e social do cristián.	2.1. Enumera as principais aportacións que conleva comulgar no sacramento da Eucaristía.	CCL, CD, CAA, CSEC
	3. Expresar unha ensinanza moral e relixiosa relacionada co relato bíblico «A Cea Pascual».	3.1. Resume o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «A Cea Pascual».	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC
	4. Expoñer os principais aspectos da Eucaristía a partires dos seus nomes.	4.1. Relaciona cada nome que recibe o sacramento da Eucaristía co motivo correspondente.	CCL, CD, CAA, CSEC, SIEP, CEC
		4.2. Identifica a Eucaristía co memorial do sacrificio de Cristo.	CCL, CD, CAA, CSEC, SIEP, CEC
5. Concienciarse sobre o valor de compartir.	5.1. Expresa compromisos concretos sobre o valor de compartir.	CCL, CD, CAA, CSEC, CEC	

UNIDADE 9: Igrexa, Espírito Santo e Confirmación

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Relación entre os sacramentos e a vida humana. - Características do sacramento da Confirmación. - O relato bíblico de «O día de Pentecostes». - O Espírito na Biblia e o sentimento de fortaleza. - O valor da autenticidade. 	1. Recoñecer que a acción do Espírito Santo da vida á Igrexa.	1.1. Asocia a acción do espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida.	CCL, CD, CAA, CSEC
	2. Resumir as características fundamentais do sacramento da Confirmación e os ritos da súa liturxia.	2.1. Sintetiza que é o sacramento da Confirmación e o seus principais ritos e símbolos.	CCL, CD, CAA, CSEC
	3. Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «O día de Pentecostes».	3.1. Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «O día de Pentecostes».	CCL, CD, CAA, CSEC
	4. Recoñecer e descubrir a importancia do Espírito Santo e o don de fortaleza.	4.1. Distingue entre Espírito Santo, espírito persoal e espiritismo.	CCL, CAA, CSEC, SIEP
		4.2. Manifesta a vivencia interior da fortaleza.	CCL, CAA, CSEC, SIEP
	5. Experimentar o valor da autenticidade.	5.1. Evalúa e reflexiona sobre o seu grao de autenticidade.	CCL, CAA, CSEC

COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Unidade 1

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita e comprende o mito e o relato bíblico da unidade.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Relaciona os diversos contidos da unidade.
<i>Tratamento da información e competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Descubre as mensaxes e ensinanzas dunha película.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades personais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Logra experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes.
<i>Social e cidadá.</i>	Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.	Selecciona valores necesarios para a sociedade actual.
<i>Autonomía e iniciativa persoal.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	Participa de forma responsable no traballo de grupo.
<i>Cultural e artística.</i>		Manifesta interese pola escenografía e ambientación dunha película.
<i>Cultural e histórica.</i>	Valorar os diversos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica.	Valora a aportación das relixións na historia.
<i>Competencia humanizadora e ético moral.</i>	Concibir unha escala de principios e valores propia e actuar conforme a ela.	Mostra actitude motivadora para o desenvolvemento de valores xenuinamente cristiáns.
<i>Competencia de sentido transcendente.</i>	Comprender a maneira cristiá de ver a vida.	Valora o sentido e finalidade da Igrexa ao servizo da humanización.

Unidade 2

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Escoita, lee e comprende os contidos e o dobre relato bíblico da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Expresa os seus sentimentos sobre o tema específico.
